

## MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS. ORZAMENTOS DE 2009.

### *INGRESOS*

Os datos orzamentarios que nesta memoria se reflicten baséanse nos propios orzamentos aprobados polas deputacións provinciais para o ano 2009: refírense soamente ao orzamento inicial, segundo a estrutura dos orzamentos regulada na Orde do Ministerio de Economía de 1989, en base á clasificación económica coa desagregación a nivel de capítulo.

Os orzamentos preséntanse consolidados, é dicir, unha vez descontadas as operacións internas, transferencias, entre a corporación provincial e os Organismos autónomos.

- Deputación de A Coruña
- Orzamento da propia deputación
- Deputación de Lugo, analízase o orzamento resultante da consolidación cos seguintes OO.AA.:
  - Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES)
  - Sociedade Urbanística Provincial
- Deputación de Ourense, analízase o resultante da consolidación cos seguintes OO.AA.:
  - Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE)
  - Padroado Provincial de Turismo
- Deputación de Pontevedra, analízase o resultante da consolidación do da propia deputación cos seguintes OO.AA.:
  - Escola U. De Enfermería
  - Instituto para a Promoción e Equipamento de Solo Industrial da Provincia de Pontevedra (IPESPO)
  - Escola de canteiros
  - Museo Provincial
  - Padroado de Turismo
  - Caixa de anticipos
  - O.R.A.L.

O orzamento total das catro deputacións provinciais ascende a 610,9 millóns de euros, sendo o total para o ano 2008 de 589,7 millóns, o que supón un crecemento interanual do 3,6%, superior ao IPC (táboa 1).

As variacións da cifra do orzamento respecto ao ano anterior amósase diferente en cada deputación; así por unha banda están as deputacións de Ourense e Pontevedra que reflicten moderados incrementos interanuais da súa cifra orzamentaria (de 10,9% e 12,5%, respectivamente), mentres que A Coruña medra nunha proporción menor, (o 2,1%), sendo a de Lugo a única na que o orzamento de 2009 diminúe ao comparalo co de 2008, xa que pasou de 153,7 M€, 142,1 M€ en 2009, o que implica un descenso 7,5%.

Deste xeito, os pesos que representan os orzamentos das deputación da Coruña e Pontevedra achéganse algo máis entre si, e a de Ourense medra nun punto a costa da de Lugo, que perde case tres puntos porcentuais no conxunto dos orzamentos das catro deputacións.

Como ven sendo habitual, se calculamos o dato en termos per cápita, as proporcións varían significativamente (táboa 2). Xa que logo, a de Lugo segue a ser a de maior peso, acadando o 40% do total das catro provincias; a continuación sitúase a de Ourense, co segundo orzamento máis alto en termos relativos, (25% do total). Así os orzamentos per cápita destas dúas corporacións provinciais absorben o 65% do total. Noutra banda están os orzamentos das provincias máis poboadas, entre as que houbo intercambio de postos, sendo a de A Coruña a de menor peso das catro.

A continuación descríbense de xeito resumido as principais características do orzamento inicial das catro deputacións, segundo a clasificación económica, comezando polos agregados de operacións correntes e os de capital, e as variables de maior relevancia dentro destes (táboa 3).

A súa estrutura é a seguinte: o 83% son ingresos de natureza corrente e o 17% restante son os de capital e financeiros, o que amosa a diverxencia que se ven de producir nos últimos anos entre estes dous tipos de ingresos.

Máis polo miúdo, apréciase que, como xa ven sendo habitual na composición das facendas locais de Galicia, sobre todo nas entidades locais ou concellos de menor tamaño poboacional (de ata 5.000 habitantes) e nas entidades provinciais, son as **transferencias**

**correntes** as que teñen o maior peso relativo na composición orzamentaria, acadando neste ano o 63% do total dos recursos das arcas provinciais.

Os **ingresos tributarios** no seu conxunto, tanto os impostos directos como os indirectos e as taxas e prezos públicos, ocupan o segundo lugar na estrutura do orzamento co 16,7%. Con estas dúas variables absórbese xa o 80% do total de ingresos, quedando o restante 20% composto por:

- a apelación ao crédito externo e as transferencias de capital, ambos capítulos destinados ao financiamento dos investimentos, que suman entre os dous o 15% do orzamento.
- os ingresos patrimoniais, o alleamento de investimentos e os activos financeiros, que representan en conxunto o 5% restante.

Respecto da comparativa entre os orzamentos de 2009 e 2008 e as diferentes variacións entre os capítulos de ingresos, (táboa 4) obsérvanse as seguintes liñas caracterizadoras: dos compoñentes do orzamento de ingresos, no orzamento total das catro deputacións, aínda que no seu conxunto medraron nun 3,6%, non todos se incrementaron, xa que dous deles, os impostos indirectos e o alleamento de investimentos reais, sufriron acusados descensos, do 6,8% e 40,9% respectivamente. Malia o dito, a composición de ingresos non varía substancialmente respecto aos anos anteriores, aínda que o total de operacións correntes incrementouse en maior medida que as operacións de capital, cunha lixeira ganancia no seu peso relativo, xa que gana oito décimas na composición dos recursos.

*En síntese, prodúcese unha maior diverxencia entre as operacións correntes e as de capital, debido a que as primeiras, que xa tiñan unha maior porcentaxe no conxunto de recursos, medraron máis que as de capital e as financeiras, que descenderon en case un punto porcentual.*

A continuación presentase a evolución para as deputacións de Galicia de dúas variables: o total dos orzamentos nos últimos oito anos (2002-2009) (táboa 5) e os ingresos tributarios, ambas variables referidas a euros correntes de cada ano (táboa 6).

O orzamento de ingresos (táboa 5) tivo un crecemento continuado a unha taxa interanual media do 6,4% de media, reflectindo o orzamento de Lugo o maior crecemento, e o de Ourense o menor. En canto á comparativa entre as traxectorias dos orzamentos dunhas deputacións respecto das outras, obsérvase que as da Coruña e Pontevedra foron as de

maior importe en termos absolutos, mentres que en termos per cápita as deputacións de Lugo e Ourense son as de maior importe (gráfico 9).

No que atinxe aos ingresos tributarios (táboa 6), dicir que a súa traxectoria á alza non foi continua, xa que en 2004 presentaron un valor menor que en 2003, reflectindo ao ano seguinte un forte incremento, e mostrando unha senda continua a partir dese ano. Destaca ademais que o seu peso na estrutura de ingresos medrou de xeito relevante xa que o seu crecemento foi máis que o dobre que o conxunto de ingresos.

A primacía dos ingresos tributarios por habitante do orzamento da administración provincial de Lugo é moi clara, manifestando en todo o período os valores relativos máis altos. Os da Coruña e Pontevedra van parellos, e os de Ourense son os máis baixos tamén en termos per cápita (gráfico 11).

## TOTAL DEPUTACIÓN/GALICIA

Táboa 1

Ingresos (€)				
	Ano 2008	%	Ano 2009	%
A Coruña	197.250.000	33,4%	201.406.100	33,0%
Lugo	153.691.255	26,1%	142.138.298	23,3%
Ourense	77.613.897	13,2%	86.053.000	14,1%
Pontevedra	161.188.365	27,3%	181.336.767	29,7%
<b>Galicia</b>	<b>589.743.518</b>	<b>100,0%</b>	<b>610.934.165</b>	<b>100,0%</b>

Gráfico 1





Gráfico 2




En termos de euros por habitante

**Táboa 2**


**INGRESOS (€ per cápita)**

	Ano 2008	Ano 2009
A Coruña	197	176
Lugo	442	401
Ourense	236	256
Pontevedra	172	189
<b>Galicia</b>	<b>216</b>	<b>219</b>

**Gráfico 3**



**Gráfico 4**



Táboa 3

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)		
Operacións correntes	505.720.904	82,8%
Operacións de capital	105.213.261	17,2%
<b>total</b>	<b>610.934.165</b>	<b>100,0%</b>
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓN		
		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	101.860.882	16,7%
Transf. Correntes (IV)	384.920.080	63,0%
I.patrimoniais (V)	18.939.941	3,1%
Transf. Capital (VII)	43.139.427	7,1%
Crédito (IX)	49.110.000	8,0%
Outros (VI e VIII)	12.963.834	2,1%
<b>TOTAL</b>	<b>610.934.165</b>	<b>100,0%</b>

Gráfico 5





Gráfico 6




Táboa 4

**TOTAL DEPUTACIÓN  
PRESUPOSTO DE INGRESOS**

(Euros)

CAPITULOS	2008		Increm. % Interanual	2009	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	32.914.711	5,6	21,7	40.048.957	6,6
II. Impostos Indirectos	29.075.402	4,9	-6,8	27.101.549	4,4
III. Taxas e Outros ingresos	33.381.108	5,7	4,0	34.710.376	5,7
<i>Ingresos tributarios</i>	95.371.221	16,2	6,8	101.860.882	16,7
IV. Transferencias Correntes	371.298.609	63,0	3,7	384.920.080	63,0
V. Ingresos Patrimoniais	16.862.558	2,9	12,3	18.939.941	3,1
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>483.532.388</b>	<b>82,0</b>	<b>4,6</b>	<b>505.720.904</b>	<b>82,8</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	16.621.342	2,8	-40,9	9.827.784	1,6
VII. Transferencias de Capital	38.622.182	6,5	11,7	43.139.427	7,1
VIII. Variación Activos Financeiros	2.782.050	0,5	12,7	3.136.050	0,5
IX. Variación Pasivos Financeiros	48.185.555	8,2	1,9	49.110.000	8,0
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>106.211.130</b>	<b>18,0</b>	<b>-0,9</b>	<b>105.213.261</b>	<b>17,2</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>589.743.518</b>	<b>100,0</b>	<b>3,6</b>	<b>610.934.165</b>	<b>100,0</b>

Gráfico 7





Táboa 5

**TOTAL ORZAMENTO INGRESOS**

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Incremento interanual medio
<b>A Coruña</b>	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	4,5%
<b>Lugo</b>	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	9,9%
<b>Ourense</b>	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	3,5%
<b>Pontevedra</b>	107,6	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	7,7%
<b>Galicia</b>	<b>395,9</b>	<b>415,8</b>	<b>465,6</b>	<b>493,4</b>	<b>548,9</b>	<b>565,5</b>	<b>589,7</b>	<b>610,9</b>	<b>6,4%</b>

Gráfico 8





Gráfico 9



**Táboa 6**  
**INGRESOS TRIBUTARIOS**

	Millóns de euros								
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Inc. interanual medio
<b>A Coruña</b>	13,0	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	16,2%
<b>Lugo</b>	10,8	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	15,1%
<b>Ourense</b>	3,8	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	2,0%
<b>Pontevedra</b>	9,7	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	18,2%
<b>Galicia</b>	<b>37,4</b>	<b>37,6</b>	<b>32,2</b>	<b>70,7</b>	<b>76,0</b>	<b>79,6</b>	<b>95,4</b>	<b>101,9</b>	<b>15,4%</b>

**Gráfico 10**





Gráfico 11



A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:

- en primeiro lugar, descríbense nunha mesma páxina, a estrutura básica dos ingresos, como se reflicte nunha táboa sintética, que recolle os importes de operacións correntes e de capital e as súas proporcións respecto do total. Máis as gráficas de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
- en segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2009, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., coa comparación co ano 2008. Así mesmo figura unha gráfica coas diferentes proporcións de cada capítulo de gastos en 2008 e 2009.
- en terceiro lugar, descríbese a evolución dos orzamentos no período 2002-2009 do orzamento de ingresos e dos ingresos tributarios.

Os datos refírense a euros correntes de cada ano, e se mostran coa seguinte orde:

- táboa comprensiva dos datos da variable obxecto da evolución, expresada en millóns de euros, de cada deputación e a súa comparativa do total deputacións (Galicia), máis a taxa de crecemento interanual (%)
- gráfica de traxectorias, cos datos da táboa anterior (millóns de euros)
- gráfica coas traxectorias de cada deputación e a media de Galicia, en termos de euros por habitante.

## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Táboa 7

ORZAMENTO A CORUÑA (€)		
Operacións correntes	181.515.709	90,1%
Operacións de capital	19.890.391	9,9%
<b>total</b>	<b>201.406.100</b>	<b>100,0%</b>
INGRESOS A CORUÑA		
		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	37.254.311	18,5%
Transf. Correntes (IV)	133.102.078	66,1%
I.patrimoniais (V)	11.159.320	5,5%
Transf. Capital (VII)	11.260.391	5,6%
Crédito (IX)	7.900.000	3,9%
Outros (VI e VIII)	730.000	0,4%
<b>TOTAL</b>	<b>201.406.100</b>	<b>100,0%</b>

Gráfico 12






Gráfico 13



Táboa 8

CAPITULOS	2008		Increm. % Interanual	2009	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	14.830.150	7,5	15,7	17.162.180	8,5
II. Impostos Indirectos	13.413.950	6,8	-5,8	12.638.220	6,3
III. Taxas e Outros ingresos	6.357.451	3,2	17,2	7.453.911	3,7
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>34.601.551</i>	<i>17,5</i>	<i>7,7</i>	<i>37.254.311</i>	<i>18,5</i>
IV. Transferencias Correntes	125.651.324	63,7	5,9	133.102.078	66,1
V. Ingresos Patrimoniais	10.085.055	5,1	10,7	11.159.320	5,5
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>170.337.930</b>	<b>86,4</b>	<b>6,6</b>	<b>181.515.709</b>	<b>90,1</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	0			0	
VII. Transferencias de Capital	18.362.070	9,3	-38,7	11.260.391	5,6
VIII. Variación Activos Financeiros	550.000	0,3	32,7	730.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	8.000.000	4,1	-1,3	7.900.000	3,9
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>26.912.070</b>	<b>13,6</b>	<b>-26,1</b>	<b>19.890.391</b>	<b>9,9</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>197.250.000</b>	<b>100,0</b>	<b>2,1</b>	<b>201.406.100</b>	<b>100,0</b>

Gráfico 14



**Táboa 9**


**A CORUÑA**

**TOTAL ORZAMENTO INGRESOS**


Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Inc. interanual medio
A Coruña	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	4,5%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	6,4%

**Gráfico 15**



**Gráfico 16**





Táboa 10

INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Inc. interanual medio
A Coruña	13,0	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	16,2%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	15,4%

Gráfico 17





Gráfico 18



## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Táboa 11

ORZAMENTO LUGO (€)		
Operacións correntes	108.950.028	76,7%
Operacións de capital	33.188.270	23,3%
<b>total</b>	<b>142.138.298</b>	<b>100,0%</b>
<b>INGRESOS Lugo</b>		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	28.892.613	20,3%
Transf. Correntes (IV)	76.058.064	53,5%
I.patrimoniais (V)	3.999.351	2,8%
Transf. Capital (VII)	8.935.586	6,3%
Crédito (IX)	14.000.000	9,8%
Outros (VI e VIII)	10.252.684	7,2%
<b>TOTAL</b>	<b>142.138.298</b>	<b>100,0%</b>

Gráfico 19






Gráfico 20



Táboa 12

CAPITULOS	2008		Increm. % Interanual	2009	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	4.494.674	2,9	69,3	7.609.860	5,4
II. Impostos Indirectos	4.362.842	2,8	-8,3	4.002.210	2,8
III. Taxas e Outros ingresos	17.348.901	11,3	-0,4	17.280.543	12,2
<i>Ingresos tributarios</i>	26.206.417	17,1	10,3	28.892.613	20,3
IV. Transferencias Correntes	75.409.924	49,1	0,9	76.058.064	53,5
V. Ingresos Patrimoniais	3.608.403	2,3	10,8	3.999.351	2,8
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>105.224.743</b>	<b>68,5</b>	<b>3,5</b>	<b>108.950.028</b>	<b>76,7</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	9.845.252	6,4	-0,2	9.822.684	6,9
VII. Transferencias de Capital	8.005.705	5,2	11,6	8.935.586	6,3
VIII. Variación Activos Financeiros	430.000	0,3	0,0	430.000	0,3
IX. Variación Pasivos Financeiros	30.185.555	19,6	-53,6	14.000.000	9,8
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>48.466.512</b>	<b>31,5</b>	<b>-31,5</b>	<b>33.188.270</b>	<b>23,3</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>153.691.255</b>	<b>100,0</b>	<b>-7,5</b>	<b>142.138.298</b>	<b>100,0</b>

Gráfico 21




**Táboa 13**


**TOTAL ORZAMENTO INGRESOS**

		Millóns de euros							Inc. interanual medio
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	
Lugo	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	9,9%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	6,4%

**Gráfico 22**



**Gráfico 23**



Táboa 14

INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Inc interanual medio
Lugo	10,8	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	15,1%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	15,4%

Gráfico 24





Gráfico 25



## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Táboa 15

ORZAMENTO OURENSE (€)		
Operacións correntes	74.580.671	86,7%
Operacións de capital	11.472.329	13,3%
<b>total</b>	<b>86.053.000</b>	<b>100,0%</b>
<b>INGRESOS Ourense</b>		
		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	4.368.665	5,1%
Transf. Correntes (IV)	69.397.006	80,6%
I.patrimoniais (V)	815.000	0,9%
Transf. Capital (VII)	8.119.329	9,4%
Crédito (IX)	3.100.000	3,6%
Outros (VI e VIII)	253.000	0,3%
<b>TOTAL</b>	<b>86.053.000</b>	<b>100,0%</b>

Gráfico 26






Gráfico 27



Táboa 16

CAPITULOS	2008		Increm. % Interanual	2009	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	2.600.000	3,3	7,7	2.800.000	3,3
II. Impostos Indirectos	0			0	
III. Taxas e Outros ingresos	1.458.945	1,9	7,5	1.568.665	1,8
<i>Ingresos tributarios</i>	4.058.945	5,2	7,6	4.368.665	5,1
IV. Transferencias Correntes	66.396.898	85,5	4,5	69.397.006	80,6
V. Ingresos Patrimoniais	675.600	0,9	20,6	815.000	0,9
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>71.131.444</b>	<b>91,6</b>	<b>4,8</b>	<b>74.580.671</b>	<b>86,7</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	3.000	0,0	0,0	3.000	0,0
VII. Transferencias de Capital	3.329.454	4,3	143,9	8.119.329	9,4
VIII. Variación Activos Financeiros	150.000	0,2	66,7	250.000	0,3
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.000.000		0,0	3.100.000	3,6
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>6.482.454</b>	<b>8,4</b>	<b>77,0</b>	<b>11.472.329</b>	<b>13,3</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>77.613.897</b>	<b>100,0</b>	<b>10,9</b>	<b>86.053.000</b>	<b>100,0</b>

Gráfico 28



Táboa 17

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

	Millóns de euros								Inc. interanual medio
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	
Ourense	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	3,5%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	6,4%

Gráfico 29





Gráfico 30






**Táboa 18**

**INGRESOS TRIBUTARIOS**


Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Inc. interanual medio
Ourense	3,8	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	2,0%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	15,4%

**Gráfico 31**



**Gráfico 32**




**ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**


**Táboa 19**

<b>ORZAMENTO PONTEVEDRA (€)</b>		
Operacións correntes	140.674.496	77,6%
Operacións de capital	40.662.271	22,4%
<b>total</b>	<b>181.336.767</b>	<b>100,0%</b>
<b>INGRESOS Pontevedra</b>		
		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	31.345.293	17,3%
Transf. Correntes (IV)	106.362.933	58,7%
I.patrimoniais (V)	2.966.270	1,6%
Transf. Capital (VII)	14.824.121	8,2%
Crédito (IX)	24.110.000	13,3%
Outros (VI e VIII)	1.728.150	1,0%
<b>TOTAL</b>	<b>181.336.767</b>	<b>100,0%</b>

**Gráfico 33**



**Gráfico 34**



Táboa 20

CAPÍTULOS	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	ESCOLA UNIVERS. ENFERMERÍA	CAIXA ANTICIPOS COOPERACIÓN	PAT. TURISMO RÍAS BAIXAS	ESCOLA CANTEIROS	I.P.E.S.P.O.	MUSEO PROVINCIAL	ORAL	TOTAL BRUTO	TOTAL CONSOLIDADO
1. IMPOSTOS DIRECTOS	12.476.917	0	0	0	0	0	0	0	12.476.917	12.476.917
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	10.461.119	0	0	0	0	0	0	0	10.461.119	10.461.119
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.695.906	82.000	500	2.000	76.100	1.000	9.751	5.540.000	8.407.257	8.407.257
<i>Ingresos tributarios</i>	25.633.942	82.000	500	2.000	76.100	1.000	9.751	5.540.000	31.345.293	31.345.293
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	106.221.418	352.000	4.150	3.172.759	703.012	423.115	3.483.000	1.150.000	115.546.804	106.362.933
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	2.218.370	2.400	40.000	3.000	2.500	350.000	75.000	275.000	2.966.270	2.966.270
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>134.073.730</b>	<b>436.400</b>	<b>82.000</b>	<b>3.177.759</b>	<b>781.612</b>	<b>774.115</b>	<b>3.567.751</b>	<b>6.965.000</b>	<b>149.858.367</b>	<b>140.674.496</b>
6. ALLEAMENTO INVERSIÓN REAIS	2.100	0	0	0	0	0	0	0	2.100	2.100
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	14.824.120	5.000	600.000	113.500	46.000	625.885	579.001	525.000	17.318.506	14.824.121
8. VARIACIÓN ACTIVO FINANCEIRO	240.050	0	1.450.000	0	6.000	0	0	30.000	1.726.050	1.726.050
9. VARIACIÓN PASIVO FINANCEIRO	24.110.000	0	0	0	0	0	0	0	24.110.000	24.110.000
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>39.176.270</b>	<b>5.000</b>	<b>2.050.000</b>	<b>113.500</b>	<b>52.000</b>	<b>625.885</b>	<b>579.001</b>	<b>555.000</b>	<b>43.156.656</b>	<b>40.662.271</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>173.250.000</b>	<b>441.400</b>	<b>2.132.000</b>	<b>3.291.259</b>	<b>833.612</b>	<b>1.400.000</b>	<b>4.146.752</b>	<b>7.520.000</b>	<b>193.015.023</b>	<b>181.336.767</b>


Táboa 21

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA  
PRESUPOSTO DE INGRESOS**

(Euros)

CAPITULOS	2008		Increm. % Interanual	2009	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	10.989.887	6,8	13,5	12.476.917	6,9
II. Impostos Indirectos	11.298.610	7,0	-7,4	10.461.119	5,8
III. Taxas e Outros ingresos	8.215.811	5,1	2,3	8.407.257	4,6
<i>Ingresos tributarios</i>	30.504.308	18,9	2,8	31.345.293	17,3
IV. Transferencias Correntes	103.840.463	64,4	2,4	106.362.933	58,7
V. Ingresos Patrimoniais	2.493.500	1,5	19,0	2.966.270	1,6
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>136.838.271</b>	<b>84,9</b>	<b>2,8</b>	<b>140.674.496</b>	<b>77,6</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	6.773.090	4,2	-100,0	2.100	0,0
VII. Transferencias de Capital	8.924.954	5,5	66,1	14.824.121	8,2
VIII. Variación Activos Financeiros	1.652.050	1,0	4,5	1.726.050	1,0
IX. Variación Pasivos Financeiros	7.000.000	4,3	244,4	24.110.000	13,3
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>24.350.094</b>	<b>15,1</b>	<b>67,0</b>	<b>40.662.271</b>	<b>22,4</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>161.188.365,00</b>	<b>100,0</b>	<b>12,5</b>	<b>181.336.767,00</b>	<b>100,0</b>

Gráfico 35



## VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANZEIRAS

Figuran a continuación as principais variables de ingresos, expresadas en euros por habitante e as súas porcentaxes sobre o total de ingresos. Móstranse nunha mesma táboa e gráfico os datos de cada unha das deputacións e do total das catro.

**Táboa 22**

### VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANZEIRAS INGRESOS

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	176	401	256	189	219
Ingresos Tributarios (I+II+III)	33	81	13	33	36
% ITR / IT	18,5%	20,3%	5,1%	17,3%	16,7%
Transferencias Correntes (IV)	116	214	207	111	138
% TC / IT	66,1%	53,5%	80,6%	58,7%	63,0%
Operacións Correntes (I ao V)	159	307	222	147	181
% OC / IT	90,1%	76,7%	86,7%	77,6%	82,8%
Transferencias Capital (VII)	10	25	24	15	15
% TDC / IT	5,6%	6,3%	9,4%	8,2%	7,1%
Ingresos Financeiros (VIII+IX)	8	41	10	27	19
% IF / IT	4,3%	10,2%	3,9%	14,2%	8,6%

**Gráfico 36**

